

A close-up photograph of a hand holding a white chess piece, likely a knight, against a blurred background of a chessboard and other pieces. The lighting is warm and soft.

# Xogade

## XADREZ

XOGOS GALEGOS DEPORTIVOS EN IDADE ESCOLAR

## 1. INSCRICIÓNS

A inscrición no programa XOGADE (Xogos Galegos Deportivos en Idade Escolar) formalizarase a través da páxina web [www.deporteescolargalego.com](http://www.deporteescolargalego.com). Pódese acceder tamén a través da web "xogade.xunta.gal".

A data de peche de inscrición será o 31 de xaneiro de 2019.

## 2. CALENDARIO

**Fases comarcais:** febreiro -marzo.

**Fases intercomarcais:** marzo-abril.

**Fase provincial:** abril-maio.

## 3. PARTICIPANTES

Benxamín, alevín, infantil e cadete.

Inscricións por equipos: mixtos ou feminino.

Composición de equipos: catro xogadores máis dous suplentes. Na fase zonal poderán participar máis ou menos de 4 xogadores/as se se xoga polo sistema suízo individual, aínda que a clasificación seguirá sendo por equipos.

## 4. CATEGORÍAS

**Benxamín:** nados nos anos 2010-2009

**Alevín:** nados nos anos 2008-2007

**Infantil:** nados nos anos 2006-2005

**Cadete:** nados nos anos 2004-2003

No caso de haber competición da categoría cadete, será organizada pola Federación Galega de Xadrez.

## 5. SISTEMA DE COMPETICIÓN

Xogarase unha fase comarcal, que pode ser liga por equipos, suízo por equipos ou suízo individual.

A fase intercomarcal disputarase co sistema de liga por equipos, ou ben por eliminatorias a un só encontro (semifinal, final e final de consolación) se o número de equipos o aconsella. En calquera caso, consistirá nun enfrontamento a 4 taboleiros por equipo.

No campionato provincial, será obrigatoria a anotación da partida alxebicamente, agás os derradeiros 5 minutos de cada xogador.

O ritmo de xogo poderá variar entre os 30 e os 90 minutos, por xogador/a e partida, segundo a categoría e a fase que se dispute.

O uso de reloxo será obrigatorio a partir da fase provincial, aínda que se recomenda o seu emprego nas fases comarcais e intercomarcais. O árbitro queda facultado para a súa

imposición no suposto de observar condutas antideportivas ou cando a duración da partida así o aconselle.

## 6. FASES

As categorías benxamín, alevín e infantil rematarán na fase provincial.

Ao campionato de España asistirán as seleccións galegas compostas polos/as xogadores/as que se mencionen na convocatoria da competición, nomeados/as pola Federación Galega de Xadrez, e que reúnan os requisitos esixidos nas normas do CSD.

## 7. COMPOSICIÓN DOS EQUIPOS

Para as fases que supoñan desprazamento, cada equipo terá dereito a desprazar 6 xogadores/as e 1 delegado/a ou adestrador/a.

En todas as fases que se desenvolvan na modalidade de competición por equipos, as entidades participantes deberán presentar unha orde de forza que non poderá ser modificada durante a mesma fase.

En cada equipo poderán inscribirse 3 xogadores/as da categoría inmediatamente inferior.

## 8. OUTRAS NORMAS

Todos os aspectos non recollidos neste regulamento rexeranse pola normativa da FIDE. Tanto a Secretaría Xeral para o Deporte como a Federación Galega de Xadrez, proporcionarán a documentación necesaria en cada unha das fases para o bo desenvolvemento do campionato. Para máis información pódese consultar a páxina web da Federación Galega de Xadrez: [www.fegaxa.org](http://www.fegaxa.org).

Tamén será de aplicación a normativa xeral de Xogade que se pode consultar na páxina web da Secretaría Xeral para o Deporte: [xogade.xunta.gal](http://xogade.xunta.gal).

## 9. SEGURO

Toda a documentación referente á cobertura do seguro está dispoñible no programa Xogade, na páxina web [www.deporteescolargalego.com](http://www.deporteescolargalego.com). Nesta páxina o acceso ao protocolo de actuación e á póliza do seguro é aberto.

Lembren que todo o corpo técnico, deportistas e familiares deben coñecer o protocolo de actuación do seguro de accidente deportivo.